



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



COMPETENCIA
DIXITAL



A Competencia Dixital Docente e a acreditación en Galicia



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN
Y FORMACIÓN PROFESIONAL



Plan de Recuperación,
Transformación y Resiliencia

1. Contexto normativo

A UE e a OCDE (dentro dos criterios de excelencia educativa) definen a formación permanente como un proceso estratéxico, cuxas liñas de desenvolvemento son:

- » Desenvolvemento de competencias profesionais.
- » Formación ao longo da vida: avaliación e desenvolvemento profesional.
- » Centro educativo: núcleo de formación.
- » Enfocar e relacionar a formación con innovación.

A UE fixa o Marco europeo para a competencia dixital dos educadores ([DigCompEdu. Comisión Europea 2017](#)), cuxo obxectivo é proporcionar un marco de referencia xeral ás administracións e institucións educativas desenvolvedoras de modelos de competencia dixital, e adicadas á formación do profesorado. Tras catro anos de traballo, a Conferencia Sectorial de Educación (MEFP e CCAA) aproba o MRCDD ([Resolución de 2 de julio de 2020, de la Dirección General de Evaluación y Cooperación Territorial](#)), que se actualiza na [Resolución de 4 de mayo de 2022, de la Dirección General de Evaluación y Cooperación Territorial](#).

O [documento resultante artella a Competencia Dixital Docente](#) arredor de 6 áreas competenciais que se subdividen en 23 competencias con 6 niveis de desempeño respectivamente, cos seus correspondentes indicadores de logro.

O Ministerio e as comunidades autónomas chegan a un acordo para establecer un procedemento común de aplicación do Marco e da acreditación e recoñecemento da Competencia Dixital Docente, que abre a vía para elaborar en cada comunidade unha normativa propia e específica que regule este procedemento. Ese acordo faise público na [Resolución de 1 de julio de 2022, de la Dirección General de Evaluación y Cooperación Territorial](#).

Toda a normativa que atinxe ao Marco de Competencia Dixital Docente pode ser consultada aquí:



<https://www.edu.xunta.gal/portal/competenciadixital>

A situación de partida é común para todas as CCAA, que se atopan á expectativa dun pacto estatal que facilite a mobilidade das persoas docentes.

2. A acreditación en Galicia

A meirande parte da acreditación que se fará na Comunidade Galega terá lugar a través da **formación do profesorado**.

As outras vías baséanse en:

- » recoñecemento de títulos universitarios,
- » proba ou exame acreditativa, para a que o Ministerio se comprometeu a proporcionar unha ferramenta, que chegará para o curso 2023-2024,
- » observación do desenvolvemento profesional e aplicación de rúbricas,
- » presentación e avaliación de evidencias e méritos a través de convocatorias ad hoc que poderán ser semestrais, anuais ou como se considere.

Nesta táboa preséntase a distribución das diferentes vías por niveis e a carga horaria mínima para acreditación por formación nos niveis correspondentes.

ACREDITACIÓN					
Nivel	Títulos oficiais que habiliten para a profesión docente	Proba específica de acreditación	Formación	Observación do desempeño	Análise de evidencias
A1			Mínimo 40 horas		
A2			Mínimo 50 horas		
B1			Mínimo 70 horas		
B2			Mínimo 80 horas		
C1					
C2					

O equipo de persoal da Rede de Formación do profesorado levou a cabo os pasos que se describen a seguir e que son fundamentais para o proceso:

- » **Etiquetado** segundo os indicadores de nivel do marco de CDD de actividades relacionadas coa temática dixital e desenvolvidas na Rede nos últimos cinco anos. Este etiquetado permite a acreditación de oficio a profesorado que desenvólvese actividades que atenden ás seis áreas de competencia do marco para os diferentes niveis.
- » **Etiquetado** dos roles e funcións docentes relacionados coa CDD e que facilitará a acreditación en niveis C1 e C2 e complementar a acreditación en B2 seguindo a avaliación a través da observación do desempeño.

3. A oferta formativa

Alén da oferta formativa que se fai normalmente tanto en centros como actividades individuais presenciais ou en Platega, o **equipo de profesionais docentes** elaborou o **itinerario modular** composto de **cursos para os catro primeiros niveis (A1, A2, B1 e B2)**.

Estes cursos presentaranse en **dous formatos** diferentes en cada caso. Por unha parte poderán **cursarse de xeito completo** se a persoa participante acreditou o nivel anterior e quere acreditar o seguinte (xa ten A2 e quere acreditar B1, polo que inscribe no curso completo), e tamén poderá cursar estas formacións **de xeito modular**, por áreas, para facilitar completar un nivel que puidese estar xa comezado noutras accións formativas recoñecidas en fprofe.

P.ex. para unha persoa participante concreta que fixese no pasado dous cursos que lle acreditaron de oficio as áreas 1, 2, 3 e 4 do nivel A2 pero precisa formación nas áreas 5 e 6 podería facer só o módulo correspondente para acadar a certificación do nivel.


O profesorado **non poderá inscribirse en cursos de niveis inferiores ao máis alto que xa teña acreditado**.



4. A ferramenta de acreditación: fprofe

A acreditación pode ser consultada en **fprofe** – **perfil de usuario** - **acreditacións**.

Nela veremos o noso perfil competencial en CDD: as áreas e niveis que temos acreditadas, as que restan por acreditar e as que poderíamos acreditar coa formación que estamos a desenvolver neste momento.



 **Área/nivel acreditados**

 **Área/nivel coa formación en curso**

 **Área/nivel sen formación acreditativa**

Alén diso poderemos pedirlle á ferramenta que nos propoña accións formativas que nos axuden a completar un nivel competencial do que aínda poida non ter todas as áreas cubertas premendo en **"buscar formación"**.

Nivel	1. Compromiso profesional	2. Contidos dixitais	3. Ensino e aprendizaxe	4. Avaliación	5. Empoderamento do alumnado	6. Desenvolvemento da competencia dixital do alumnado	Horas realizadas Horas mínimas	Estado	Modalidades	Accións
A1	×	×	×	×	×	×	0/40		Formación	Buscar formación
A2	✓	✓	✓	✓	✓	✓	40/50		Formación	Buscar formación
B1	✓	✓								
B2	×	×								
C1	×	×								
C2	×	×								

Actividades propostas para a acreditación do nivel A2

Título	Horas	Áreas	Nivel	Indicadores
XXXXX Título do curso	20	2. Recursos dixitais 3. Ensino e aprendizaxe 6. Desenvolvemento da competencia dixital do alumnado	A2 Aplicación en contextos reais...	2.1.A2.1. Identifica, con asesoramento... 2.2.A2.3. Utiliza de forma tutelada...

4. A ferramenta de acreditación: fprofe

E tamén poderemos ver que formación conduciu á acreditación dunha área/nivel concreto **pasando co rato por riba do check verde**, ou do detalle completo da formación acreditadora con indicadores, premendo en “**detalle da formación**”.

É importante ter en conta que para acreditar un nivel por formación é preciso **ter acreditadas todas as áreas** e **cumprir co número mínimo de horas de formación establecido**.



A **finalidade** de todo este procedemento será formar e acreditar en CDD a todo o profesorado, que poderá utilizar a devandita acreditación para todos os procedementos estatais e autonómicos que o requiran.

Nivel	1. Compromiso profesional	2. Contidos dixitais	3. Ensino e aprendizaxe	4. Avaliación	5. Empoderamento do alumnado	6. Desenvolvemento da competencia dixital do alumnado	Horas realizadas Horas mínimas	Estado	Modalidades	Accións
A1	×	×	×	×	×	×	0/40		Formación	Buscar formación
A2	✓	✓	✓	✓						Detalle formación
B1	✓	✓		×						
B2	×	×	×	×						
C1	×	×	×	×						
C2	×	×	×	×						

Formación que acredita o nivel A2				
Título	Horas	Áreas	Nivel	Indicadores
XXXXX Título do curso	20	2. Recursos dixitais 3. Ensino e aprendizaxe 6. Desenvolvemento da competencia dixital do alumnado	A2 Aplicación en contextos reais...	2.1.A2.1. Identifica, con asesoramento... 2.2.A2.3. Utiliza de forma tutelada...
XXXXX Título do curso	30	2. Recursos dixitais 3. Ensino e aprendizaxe 6. Desenvolvemento da competencia dixital do alumnado	A2 Aplicación en contextos reais...	2.1.A2.1. Identifica, con asesoramento... 2.2.A2.3. Utiliza de forma tutelada...
XXXXX Título do curso	20	2. Recursos dixitais	A2 Aplicación en contextos reais...	2.1.A2.1. Identifica, con asesoramento...

Nivel	1. Compromiso profesional	2. Contidos dixitais	3. Ensino e aprendizaxe	4. Avaliación	5. Empoderamento do alumnado	6. Desenvolvemento da competencia dixital do alumnado	Horas realizadas Horas mínimas	Estado	Modalidades	Accións
A1	×	×	×	×	×	×	0/40		Formación	Buscar formación
A2	✓	✓	✓	✓	✓	✓	40/50		Formación	Buscar formación
B1	✓	✓	✓	×	×	×	40/70		Formación	Buscar formación
B2	×	×	×	×	×	×	00/80		Formación	Buscar formación



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN
Y FORMACIÓN PROFESIONAL



Plan de Recuperación,
Transformación y Resiliencia